

1º DE MAIO DE 2010

Á RÚA, QUE XA É HORA!!

1º de Maio, día internacional da clase traballador@ que simboliza a loita permanente que mantemos contra a patronal e o goberno na procura dunha sociedade comunista libertaria baseada na igualdade para tod@s, nos dereitos laborais e sociais, os servizos públicos, a liberdade e a xustiza social.

1º de Maio para esixir e reivindicar moi claramente nas rúas que teñen que ser os culpables, é dicir, os banqueiros, a patronal e os gobernos, os que paguen a crise que provocaron intencionadamente e á que nos botaron á clase traballador@ como despojos despois de espremernos ata a última gota, reducíndonos á condición de escravos, controlando o noso traballo, a nosa saúde, a nosa vida. @s traballador@s estamos a perder o traballo, a vivenda, o dereito á educación, á sanidade, a unha pensión pública, á felicidade no presente e o futuro.

Este 1º de Maio queremos volver recordar todas as loitas históricas que internacionalmente mantivemos a clase traballador@ por unha nova sociedade entre iguais e en liberdade, e tamén todas as loitas presentes que dignamente seguimos mantendo día a día contra o inmoral e criminal capitalismo que nos explota e manexa miseravelmente (loitando contra os pechos de empresas, contra os ERES, contra os despedimentos, contratas e subcontratas, privatizacións, contra os desafiuzamentos, embargos, horas extras, recortes salariais, polo dereito ás pensións públicas, pola cobertura de prestacións para tod@s l@s desempregad@s, por poñer a vida e os coidados no centro das nosas vidas, contra a represión e o recorte das liberdades...).

Agora que se cumpren 100 anos do anarcosindicalismo como organización confederal, queremos recordar aos miles e miles de compañeir@s traballador@s que ao longo da historia deron todo, en moitas ocasións ata a súa vida, por mellorar as nosas condicións de vida, conquistar dereitos básicos, contribuíndo á transformación social (o noso recordo para aqueles primeiros traballadores anarquistas de Chicago que a finais do século XIX foron asasinados por reivindicar a xornada laboral de 8 horas).

Hoxe tamén segue sendo necesaria a loita para impedir que non se pacte coa patronal e o goberno ás costas da clase traballador@ en contra dos nosos intereses, e que se rexeiten os pactos dunha nova reforma laboral para conseguir o despedimento libre e gratuíto, para alargar a idade de xubilación, para prolongar a xornada laboral, para privatizar os servizos públicos, para negar a negociación colectiva e tantos e tantos desmandos, atracos, dilapidación do diñeiro público e dos nosos dereitos.

Hoxe hai que esixir ao goberno que calquera redución do déficit público debe facerse aumentando os ingresos en lugar de reducindo os gastos sociais, as prestacións para os desempregados e precarios, os salarios, despedindo miles de persoas e todo iso mantendo o mesmo modelo social baseado na produtividade e o consumismo. O goberno ten que recadar máis dos petos dos ricos, da patronal, dos fondos de investimentos SICAV dos especuladores, dos paraísos fiscais, eliminando a economía mer-gullada.

Nós, a clase traballador@, estamos fartos de ter que apertarnos o cinto todo para que uns poucos miserables ricos sexan os donos da nosa vida, da nosa saúde, da terra, dos recursos naturais, das sementes, dos medios de produción e comercialización, da auga, da enerxía, dos medios de comunicación; coa complicidade dunha armazón institucional, no que as persoas só somos mercadorías, como obxectos, como pezas de usar e tirar no seu vórtice de exterminio e explotación. Deixámoslles que se fagan donos da terra e das persoas e dende CGT imos seguir loitando para impedir que saian vitoriosos das súas crises e nos devolvan todo o roubado durante décadas.

Hoxe máis que nunca hai que dicir: Xa abonda!! Á rúa que xa é hora, ata a Folga Xeral!!

Hai que unirse na acción, todos os traballador@s libres e junt@s, unindo a nosa rebeldía e insubmisión, en defensa dos nosos dereitos a nivel internacional sen fronteiras, sen divisións entre autócton@s e extranjer@s, entre homes e mulleres, maiores e novos, intelectuais, estudantes, parad@s, excluid@s, tod@s loitando por un mellor mundo, que coa participación de tod@s, sen discriminacións, sen desigualdades, sen privilexios, de forma autoxestionaria, en liberdade, que cultive a cultura, a educación e o respecto ás diferenzas, que recupere a memoria histórica dende a verdade e anule as sentenzas do franquismo, nun contexto laico que permita o avance científico e defenda os dereitos humanos, o antimilitarismo, as loitas populares de todo o mundo.

"Á RÚA QUE XA É HORA, ATA A FOLGA XERAL"
"VIVA O 1º DE MAIO"